



O asasinato de Van Gogh e a crise dun modelo

Description



O asasinato do cineasta holandés Theo van Gogh a máns dun radical islamista de orixe marroquí molesto polas críticas da súa vítima cara a relixión islámica, amosa un escenario complexo para as relacións entre Europa e a comunidade islámica que vive nos seus países. Ata que punto era tal o chamado «modelo holandés» de tolerancia, liberalismo e estado do benestar?

O asasinato do cineasta holandés Theo van Gogh a máns dun radical islamista de orixe marroquí molesto polas críticas da súa vítima cara a relixión islámica, amosa un escenario complexo para as relacións entre Europa e a comunidade islámica que vive nos seus países. Ata que punto era tal o chamado «modelo holandés» de tolerancia, liberalismo e estado do benestar? Haberá conciliación entre os cidadáns europeos e os inmigrantes musulmáns? Como poderá agora a cada vez máis crecente poboación musulmana europea adaptarse aos patróns de convivencia occidentais? Ten que ver todo isto co 11/S, o 11/M, o mediático choque cultural Occidente-Islam ou a posíbel admisión turca á UE? Neste dilema holandés participa tamén unha Unión Europea aínda incapaz de atallar a complexidade cultural que supón ter nos seu territorio a 12 millóns de musulmáns.

O caso holandés ten que ser contemplado con certo escepticismo. O país viviu unha etapa de gran estabilidade política e económica que vertebraron un modélico sistema de cohesión social, dende finais da II Guerra Mundial. Ata o asasinato do líder de extrema dereita Pim Fortuyn hai dous anos, ningún crime de orixe político hse cometera no país. A cada vez mais crecente inmigración fixo que nesta sociedade de 16 millóns de habitantes, un 10% fora de orixe estranxeiro, particularmente turcos, marroquís, somalíes, balcánicos, etc. Os vaivéns das economías europeas repercutiron na sociedade holandesa, aínda que a súa economía seguía a experimentar un nivel alto. Pero a aparente apatía social do modelo «laissez faire, laissez être», deu paso a un subterráneo descontento que comezou a manifestarse coa emerxencia de movementos de ultradereita como o Vlaams Blok ou o partido de Fortuyn.

Obviamente, tralo 11/S e, especialmente, o atentado de Madrid en marzo pasado, o auxe dos tópicos cada vez máis deterministas en canto á confrontación entre Occidente e Islam, amosaron un escenario inédito. As revelacións policiais identificaron células extremistas en Holanda vencelladas aos atentados de Nova York e Madrid, polo que comezou unha guerra verbal entre dirixentes políticos e sociais, radicalizada tralo asasinato de van Gogh. Esta «guerra verbal» cristalizou en xuízos ofensivos cara o Islam e a necesidade de reforzar a seguridade nacional, tal como manifestou o vice-primeiro ministro Gerrit Zalm, amigo persoal de van Gogh, quen cualificou sen atenuantes a situación como unha «guerra contra os extremistas islámicos».

As repercusións sociais tampouco deixaron lugar a dúbidas: un 40% dos holandeses non desexan que os musulmáns se sintan como en casa; un 90% reclama o reforzamento da loita antiterrorista aínda a costa das liberdades individuais; e un 80% pediu unha política de integración máis dura. Mentres nalgunhas mesquitas os imáns chamaban á «guerra santa», espontáneos ou membros da extrema dereita queimaban centros islámicos, mesquitas, igrexas católicas e templos protestantes.

Está Europa inmersa nunha especie de «guerra interna» contra a súa inmigración musulmana? A desconfianza é cada vez mais evidente. Segundo fontes policiais, España, Holanda e Alemaña serviron de ponte para os terroristas de Al Qaeda que atentaron en EEUU e outras partes do mundo. En Francia, temas tan delicados como o conflito palestino-israelí, a guerra en Iraq, a posíbel admisión turca ou o conflito checheno, provocaron un inédito auxe do antisemitismo e tensións sociais e políticas. Os partidos anti-inmigración son cada vez mais numerosos, asociados á extrema dereita que comeza a ocupar espazos públicos e políticos, como xa o fixera en Austria e Suiza.

Mentres tanto, a frustración de milleiros de musulmáns de segunda xeración, principalmente de orixe rural, que afirman sentirse incomprendidos ante a sociedade europea, alimenta o fanatismo dun e doutro lado e dificulta a integración. O profesor Afshin Ellian, da Universidade de Leiden, declarou a propósito do asasinato de van Gogh, que a segunda xeración de musulmáns chegados a Holanda nos anos sesenta «non quere integrarse», mantendo comportamentos «cada vez mais agresivos» e sentíndose «incomprendidos, deixados de lado», sinalando que os holandeses «non fixeron gran cousa para axudalos a integrarse». É Holanda un exemplo do que está acontecer en Europa? Velaí as claves do dilema holandés, e tamén europeo.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Europa ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Novembro 16, 2004

Meta Fields

Autoria : 3713

Datapublicacion : 2004-11-16 00:00:00